

DSpace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

A. I. Boullón Agrelo (2002): “Onomástica e dialectoloxía: a propósito de *raposo e golpe*”, en R. Álvarez / F. Dubert / X. Sousa (eds.): *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 115-136.



You are free to to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

ONOMÁSTICA E DIALECTOLOXÍA: A PROPÓSITO DE RAPOSO E GOLPE

Ana Isabel Boullón Agrelo

Instituto da Lingua Galega. USC

1. CONSIDERACIÓNS PREVIAS

Os testemuños onomásticos constitúen unha valiosa achega para a historia do léxico e tamén para a súa distribución dialectal, achega que moitas veces non se ten tido en conta¹. As razóns desta indiferencia son variadas: por unha parte, a pouca atención que usualmente se lle presta a esta póla da lingüística (en moita maior medida á antroponimia ca á toponimia) e, por outra banda, á falta de datos concretos, tanto históricos como contemporáneos. Nos últimos anos, a participación galega no Proxecto PatRom (*Dictionnaire historique de l'anthroponymie romain*: Kremer 1997) e a existencia dun proxecto de investigación no Instituto da Lingua Galega para a elaboración dun dicionario de apelidos galegos (Boullón: no prelo) permitiu en certa medida paliar en parte estas carencias. Nestes momentos contamos cunha importante base de datos de documentación histórica (unhas 35.000 entradas de nomes medievais procedentes de coleccións documentais de toda Galicia, amais de 7.000 dos Catastros de Ensenada), e cos apelidos do Censo de poboación de 1998 (con frecuencia superior a 2), proporcionados polo Instituto Galego de Estatística, o que supón 5.456.982 ocorrencias correspondentes a 17.193 formas distintas. Os datos toponímicos pódense recuperar doadamente mediante unha ferramenta moi útil: o *nomenclátor* dispoñible nunha páxina web da Xunta de Galicia (<http://www.xunta.es/nomenclator/index.htm>) e que permite facer diversos tipos de buscas, obtendo datos por lugar/parroquia/concello; os topónimos son os regularizados pola Comisión de Toponimia de Galicia, que viron parcialmente a luz (saíron os volumes correspondentes ás provincias de Lugo, Ourense e Pontevedra). Para completar estes datos, que só fan referencia á toponimia maior (isto é, núcleos habitados), utilizamos os proporcionados pola *Geografía de Galicia* de Carreras y Candi (1936), onde, amais de incluír nomes de ríos, montes, e outros accidentes xeográficos, se recollen tamén topónimos que hoxe non se docu-

¹ Refírome especificamente ó noso dominio lingüístico; véxase un exemplo, aplicado ó catalán, das múltiples posibilidades que ofrece a interrelación do estudo da onomástica e a dialectoloxía en Veny (1996, esp. 13-44, 123-125).

mentan no nomenclátor da Xunta: nos case cen anos desde a súa publicación desapareceron xa bastantes nomes de lugar. Coa mesma intención consultámo-lo *Nomenclator* de Villarroel (1810) e o *Diccionario Geográfico* de Madoz (1848-1850). Lamentablemente, polo momento non podemos contar con datos máis exhaustivos referentes á microtoponimia, que de seguro habían de botar máis luz sobre esta cuestión¹.

Este acervo de datos vainos permitir trazar con máis pormenor a historia do léxico, xa que, se un mapa dialectal dunha forma léxica é unha foto fixa dun momento preciso do cambio lingüístico, a achega dos datos onomásticos posibilitará engadirlle, nese mesmo momento, unha perspectiva temporal máis antiga. Tan antiga que, como é sabido, é practicamente a única fonte da que dispoñemos das linguas faladas no territorio antes da chegada do latín: os nomes dados ós lugares son moi persistentes, e resístense ó cambio mesmo aínda que a lingua falada nesa área fose substituída por outra. Se ben non podemos datar con exactitude o momento concreto da aparición dos datos onomásticos, si sabemos que o número de núcleos habitados no século XV era practicamente igual ca na actualidade, e que de aquí ó XVIII as novas incorporacións toponímicas se refiren a novos lugares de cultivo (Santamarina: 2002); ademais, a variabilidade dos datos toponímicos é mínima: se botamos unha ollada ó índice onomástico de calquera colección documental medieval, veremos que unha boa parte dos topónimos seguen conservando o seu nome actualmente.

No que atinxe á antroponimia, a conformación do acervo onomástico data da Alta Idade Media, se ben os sobrenomes léxicos, patronímicos ou designativos de orixe que constituían os segundos nomes non se fixeron hereditarios (é dicir, non se converteron en apelidos propiamente ditos) ata o final da Idade Media. A partir de aí houbo tamén escasa variación no conxunto dos apelidos, fóra de incorporacións máis recentes ós rexistros parroquiais ou civís (como *Iglesias* ou *Rey*) ou dos naturais movementos estatísticos, que puideron acabar con determinados ítems por falta de herdeiros masculinos ou supoñer un aumento desproporcionado polo feito contrario. Todo isto non quere dicir que os apelidos que temos agora sexan formas fosilizadas medievais (aínda que estas tamén existan), posto que é evidente que hai apelidos modernos que teñen formas distintas ás daquela época. Por

1 Como comprobamos na realización deste mesmo traballo: por exemplo, na recollida da toponimia de Ferreira de Pantón (Palacio 1981:366) só neste concello atéstanse seis formas de *Gulpilleira* e *Gulpilleiras* que non aparecen nas restantes fontes consultadas, pois aluden a terreos, isto é, non son núcleos habitados. Da mesma maneira, no levantamento toponímico feito por Franco Maside (2002) a partir dos materiais da microtoponimia de Galicia sitos na sede de Facenda e datados contra 1950, aparece un *Grupilleiras* no concello de Ames, nunha área xeográfica en que anteriormente non documentamos ningún derivado de VULPECUL-.

exemplo, é obvio que os medievais *Martíns* foron transformados polos axentes castelanizadores oficiais en *Martínez* (só sobreviviron uns poucos *Martís* e *Martíns*), da mesma maneira que *Outeiro* pasou a *Otero*, nun proceso que xa debía estar practicamente consumado no XVIII (nos Catastros de Ensenada xa son maioritaria as respectivas formas castelanizadas). Por outro lado, hai fenómenos dialectais posteriores á Idade Media que se reflicten nos apelidos, como as evidencias de gheada que se ven nos apelidos *Regenjo* ou *Funqueiro*.

Unha das vantaxes que obtemos é que no corpus onomástico documentamos formas que desapareceron ou que modificaron as súas isoglosas orixinais. A fixación deste material é, por suposto, moito maior no que atinxe á toponimia, posto que os topónimos non se poden mover, e as persoas que portan uns determinados sobrenomes si. De maneira que a densidade dos datos haberá que manexala con certa precaución, aínda que tamén é certo que a mobilidade dos habitantes de Galicia (alomenos a mobilidade interna, porque coa emigración exterior non ocorreu o mesmo) foi reducida ata hai ben pouco tempo¹. Iso explica unha das constantes que adoitamos atopar nas buscas léxicas: a homoxeneidade relativa das áreas onomásticas que coincide, grosso modo, coas isoglosas léxicas. As “manchas” onomásticas permiten tamén intuír, en certa medida, os movementos migratorios que puideron conforma-la extensión dunha palabra (ou dun fenómeno). Por esa mesma razón hai que relativiza-los datos dos grandes núcleos urbanos, nomeadamente A Coruña e Vigo, que constitúen foco de atracción das áreas de influencia respectivas (norte de Lugo e Ourense, respectivamente) e que, obviamente, non se poden considerar relevantes no caso de atoparmos alí concentracións de formas de fóra da súa zona natural.

Por outro lado, hai que valorar como merece a importancia da repartición xeográfica actual dos portadores dun apelido. Neste sentido, Eva Büchi (1998:12-13) considera que é un elemento máis decisivo para a historia da palabra cás súas atestacións históricas, baseándose, para xustificar este aparente paradoxo (pois os historiadores da lingua adoitan traballar só con testemuños antigos) no carácter máis completo dos datos actuais: só a documentación contemporánea ten carácter exhaustivo ou xeral, de modo que se pode comparar con seguridade as persoas apelidadas dunha maneira nos diferentes lugares. Pódese atestar un determinado apelido nunha colección

1 E isto ten a súa plasmación na antroponimia, por exemplo, na concentración dos apelidos con orixe nun topónimo ó redor da área onde se localiza ese nome de lugar. Unha mostra: Gonzalo Navaza (2000:179-180) comenta a propósito do apelido *Areán*, orixinario do lugar homónimo, na parroquia de san Cristovo do Az (Rodeiro), que o 86% dos *Areán* galegos viven na comarca de Deza e arredores.

medieval no s. XIII, pero non ter constancia de que non estivese presente noutras coleccións documentais, porque non están todas publicadas, e as publicadas non están todas expoliadas. Ademais, aínda que así fose, non tódalas coleccións documentais recollen tódolos apelidos, senón só os das persoas afectadas polos actos administrativos ou xurídicos que neles se contemplen. A documentación posterior, ó ser exhaustiva e comparable, é moito máis indicativa (mesmo a guía de teléfonos, que se utiliza en moitas ocasións a falta dun censo máis completo). Ademais, aínda que os antropónimos se desprazaron desde a Idade Media, viaxaban de maneira lóxica e intelixible historicamente: igual cós homes, marchan das montañas e das rexións menos fértiles e son atraídos cara a zonas urbanas, seguindo o movemento dos ríos e das vías de comunicación, como despois aquí mesmo se exemplificará.

Estes procedementos de análise cartográfica dos apelidos veñen sendo usados xa desde hai tempo noutros dominios lingüísticos: por exemplo, os artigos franceses de PatRom inclúen decote nas súas achegas os mapas das formas respectivas (Kremer 1997), por non falar dos dicionarios que inclúen cartas cos datos patronímicos (Herbillon / Germain 1996) ou de atlas específicos (como o de Costa 2000, que compara a distribución dos apelidos nunha área determinada en dous períodos cronolóxicos diferentes). Claro que en Francia hai moita máis tradición de estudos onomásticos, e mesmo hai varias páxinas web onde calquera pode ver doadamente a distribución xeográfica do seu apelido. Cos datos dos que agora podemos dispor (o censo de habitantes), e as ferramentas informáticas (o programa MapInfo, aplicado á confección do *ALGa*), tamén nós poderemos tirarlle o mesmo proveito.

Para exemplifica-las distintas posibilidades de aproveitamento histórico do material dialectolóxico e onomástico escollemos dous ítems léxicos que designan o mesmo animal, *golpe* e *raposo*, e que representan un caso de cambio lingüístico: a forma primeira, *golpe* (*golpello* ou *golpella* desaparecieron totalmente) está en claro retroceso fronte á máis innovadora. Foron primeiro formas do léxico común, logo usáronse como sobrenomes que máis tarde se converteron en apelidos, e deixaron tamén diversos descendentes derivativos na toponimia. Examinaremos e compararémo-la cartografía dos resultados do léxico vivo (proporcionados polo *ALGa*), dos resultados toponímicos e dos resultados antroponímicos, tanto na actualidade coma desde a Idade Media. Cremos que a partir deses datos se pode traza-la área orixinal das formas hoxe perdidas (*golpello*) ou en transo de perderse (*golpe*), e mais a vía de penetración en Galicia da forma innovadora (*raposo*).

2. RAPOSO / GOLPE

A designación latina para o raposo, f. VULPES, desapareceu en case toda a Romanía por causa das súas connotacións tabuizantes. Posiblemente o propio derivado latino VULPECULA que o substituíu nalgúns áreas fose xa un eufemismo para evita-lo uso dun lexema do que se quería fuxir; trátase dun mecanismo psicolóxico que o home pon en funcionamento para tentar evita-lo poder fortemente evocador da palabra: se se pronuncia en voz alta, dalgunha maneira estase invocando esa realidade non desexada¹. O raposo espertaba temor polo risco que supón para o principal sustento da economía familiar nunha economía campesiña: os animais domésticos. Se se evita o nome, evítase atraelo cara a eles ou poñelo en garda ante a caza. Por dicilo en palabras de Cunqueiro, o raposo sabe o noso idioma, e coñece catro nomes seus: *golpe*, *raposo*, *zorro* e *xatentendo*; por iso, “cando se fala do raposo, hay que darlle nomes que el non seipa, *Pedro*, *Perico*, *Xamescurro* y tamén *Afonso*” (en *Escola de menciñeiros*, citado por Montero Cartelle 1981:151).

Coa mala reputación deste animal (Covarrubias aclaraba que “este animal significa el hombre astuto, maligno, engañador, vellaco disimulado, por sus perversas y cautelosas mañas”) está seguramente relacionado o seu uso no simbolismo da arte cristiá, onde o raposo representa o demo, a herexía, o vicio. En case toda a Romanía se foi substituíndo os primitivos *golpe* ou *golpella* por designacións indirectas, como nomes propios empregados como alcumes (o francés e occitano *renard* < *Raginbard*, catalán *guineu* < fem. *Widnild*, *Pedro* en puntos galegos², ou *García*, *Juan(it)a* e *María* no mundo rural castelán), con adxectivos que describen os seus trazos físicos máis visibles (gal. e port. *raposa* ‘de rabo grande’), ou facendo alusión ás características morais que se lle atribúen: ‘vil, astuta’ (esp. *zorra*). En Galicia é moi frecuente o emprego de denominacións indirectas: Alonso Montero (1969:118-9) ten recollidas ata 69 distintas, que, á parte das xa citadas procedentes de antropónimos, son formas adulatoras (*o amigo*, *o señor*, *o señorito*), irónicas (*o amigo das galiñas*, *o amigo dos pitos*), xenéricos (*bicho*), alusivos á súa astucia (*o artista*, *o listo*, *o mil mañas*, *o perillán*, *o retranqueiro*, *o pícaro*), á axilidade (*o das patas lixeiras*, *o salta paredes*), á súa facilidade para o roubo (*o rapiñeiro*, *o ladrón*, *a ladrona*), o

1 Para o concepto de tabú lingüístico, eufemismo e os distintos procedementos lingüísticos para xerar substitutos eufemísticos, *vid.* Montero Cartelle (2000). Para o estudo concreto de tódolos substitutos deste animal en Galicia, *vid.* tamén Montero Cartelle (1981:150-153).

2 Segundo os informantes, por san Pedro (29 de xuño) é cando se bota ás galiñas. Aínda que nos datos do *ALGa* só se recolle este, Alonso Montero (1969:118-9) ten rexistrado ademais outros antropónimos, se ben *Pedro* é o máis extendido: tamén o *Perico* (hipocorístico do anterior), *o García*, *o Xan*, *a Marica*, e, segundo Cunqueiro, *Afonso* (“¡Polo Rei de Castela, hom! Oíndo o golpe falar de Afonso, colle medo e toma campo. ¡Si fósemos todos tan avisados!” (en *Escola de menciñeiros*, citado por Montero Cartelle 1981:151).

obxecto do roubo (*o galiñas, o das pitas, o piteiro, o galiñeiro*) ou diversas características físicas (*o do rabo, o das orellas dereitas, o das orellas guichas, o orellas largas, o sete lanas*).

Outra cousa son as motivacións dos empregos metonímicos como sobrenome, que darían lugar ós actuais apelidos galegos *Golpe* e *Raposo*. Seguramente están relacionadas coas actividades ligadas ó animal (a caza ou a preparación e venda da pel), ou ben, máis probablemente, as motivacións sexan metafóricas, baseadas nunha característica física (a cor roxa da pelaxe), ou ben nos devanditos trazos psicolóxicos (a vileza ou a astucia).

Os descendentes de VULPES unicamente subsistiron nalgunhas zonas de resistencia: amais de no norte de Galicia (con xénero masculino), a zona gascona dos Pirineos centrais e en zonas esporádicas do occitano e provenzal; en Portugal só se rexistran hoxe descendentes toponímicos¹; os de VULPECULA atéstanse a penas na Idade Media en galego e en castelán, e indirectamente en topónimos galegos, portugueses² e asturianos (Weinhold 1997: 356).

2.1. A situación dialectal actual

A información léxica do *ALGa* (*vid.* Mapa 1)³ revélanos que hoxe a área de *golpe* está limitada á zona mindoniense (norte das provincias de Lugo e A Coruña). A coexistencia nesta área coas formas *raposo* e *raposa* indican claramente que a área de *raposo* está invadindo os últimos reductos dos descendentes de *vulpes*. Ademais, apréciase tamén procedente da meseta a entrada do ítem castelán *zorro* (e *zorra*).

No léxico común os derivados de *raposo* portan os seus significados metafóricos: *raposeiro* é “quen ten habilidade e astucia para conseguir algo” (DicAcademia s.v.)⁴. A existencia deste derivado pode ser indicativo de que a


1 Port. *Golpe* Coi, *Val da Golpa* Ave (Piel 1966). Tamén hai algunha atestación medieval como sobrenome: “Menendinus que vocauatur *Golpe* laicus civis Bracarensis a.1216(or.) BullInocencioIII 428” (Weinhold 1977: 347).

2 *Gulpilbares* (Amares, Lousã, V.N. de Gaia, Vila Real), *Gulpilbarinhos* (V.N. de Gaia), *Gulpilbeira* (Batalha), *Gulpilbeiras* (Batalha, Celorico de Basto), *Golpinhal* (Penacova) e *Gulpinbais* (Guimarães) (DOLP). Piel (1966) ofrece outra información: *Golpilbal* Coi, *Golpilbães* Bra, *Gulpilbares* Bra, Ure, Coi, Por, *Golpilbeiras* Lei, *Gulpilbeiras* Bra. Med.: +*Volpelbares*, +*Vulpelbares*, +*Gulpeleiras*, +*Golpelleiras*.

3 Corresponde ó mapa 1450, aínda inédito. Agradézolle a Francisco Fernández Rei, coordinador do volume de léxico do *Atlas lingüístico galego* correspondente á fauna (en preparación), a posibilidade de poder acceder a estes datos, e a Mónica Martínez Baleirón e a Begoña Varela Vázquez a súa amable axuda para reproducilo.

4 Por certo, un dos seus sinónimos é *renarte*, préstamo francés que designa o mesmo animal. En portugués hai aínda máis derivados: amais de *raposeiro*, *raposice*, *raposia*, *raposinbar* (“Usar de manha, astúcia, raposice”), *raposino*, *raposeira* (“sensación agradable experimentada por quem se deita ao sol brando. 2. Sono curto e reparador; raposada. 3. Bebedeira, embriaguez. 4. Covil

principal motivación para o uso do nome do animal como alcume procede das súas cualidades psicolóxicas máis que de trazos físicos, o que explicaría tamén o seu uso como alcume aínda modernamente, como *O Raposo* que se atesta en Bueu (Vila Nova 1982:442).




Mapa 1

2.2. Documentación toponímica

A documentación toponímica móstranos que debía haber dúas áreas léxicas (*vid.* Mapa 2): unha con descendentes de VULPES (e derivados: *A Golpa*, *Golpeiras*), concentrada na zona máis septentrional de Galicia, pero máis ampla cá actual isoglosa correspondente ós modernos testemuños no léxico vivo (pois hai un *Golpes* en Frades, preto de C25), e outra, máis ampla,

da raposa), hai outras acepcións figuradas de *raposa* descoñecidas entre nós: “5. *Lus*. Reprovaçõem em exame. 6. *Bras*. Apelido que os legalistas aplicavam aos rebeldes da Sabinada [Revolución separatista da Baía a mediados do XIX para separárense do goberno da Rexencia]” (Ferreira 1986:s.v.).

na que se debería supor un *golpello* (ou *golpella*) actualmente perdido no léxico común e mais na toponimia (pero sobreviven os derivados toponímicos *Golpileira(s)*, *Golpillón*, *Golpellás*), que abrangue practicamente toda Galicia, non sendo unha pequena área do oeste da provincia da Coruña. Fóra de Galicia, os descendentes de VULPECUL- encontrámoslos case todos en zonas próximas a Galicia: *Golpejar* de la Sobarriba en Valdefresno —León—, *Golpejar* de la Tercia en Rodiezmo —León— e *Golpejones* en Castroverde de Campos —Zamora (Madoz)—; tamén hai toponimia menor en Asturias: *Los Galpechos* e *Golpecheras* (García Arias 1990:57), e nos puntos citados en Portugal (*vid. supra*). O lugar máis distante é un *Golpejas* en Salamanca (Álvarez Maurín 1994:283).



Mapa 2

1 Sarmiento (1999:113) fai referencia a outro derivado colectivo, *Golpellares*, que non demos localizado.

Por outro lado, as atestacións toponímicas de *Raposo* e derivados (*Raposeira(s)*, fundamentalmente), espállanse polo resto do territorio, con algunha incursión, seguramente moderna, na área mindoniense (*Os Raposos* en Ortigueira, C3). Onde encontramos maior concentración toponímica é no sur da provincia de Pontevedra e algún punto de Ourense: desde Gondomar a Rairiz de Veiga. As atestacións toponímicas medievais espállanse tamén polas provincias da Coruña e Pontevedra, sendo Santiago onde hai maior número de ocorrencias (véxase o apéndice 1.3).

Os datos modernos (*vid.* Mapa 3) da distribución xeográfica dos apelidos amosan unha área de concentración de *Golpe* á esquerda da isoglosa dialectal e da toponímica, nos concellos de Paderne, Vilarmarior, Irixoa, Oza e Cesuras. Non podemos saber se outras concentracións de formas (Santiago-Ames-Teo, Noia, Illa de Arousa, Pontevedra) se deben a testemuños antigos ou son de familias oriundas doutros lugares. En realidade nestes casos cumpriría facer unha investigación xenealóxica, indagando no pasado desas familias (enquisa directa por vía telefónica apelando á memoria familiar, rexistros parroquiais, etc.), sen ter sempre a seguridade de conseguir os datos, pois os rexistros das parroquias, por exemplo, remóntase na maioría dos casos ó XVII, como máximo, e a memoria familiar non adoita chegar máis lonxe ca dúas ou tres xeracións.

Nas documentacións históricas atopamos *Golpe* usado como alcume desde o século XII. A escaseza de documentacións (7) non nos permite, loxicamente, nin trazar isoglosas nin aventurar unha distribución dialectal dos apelidos na Idade Media, pero é altamente indicativo que os individuos que portan este sobrenome sexan precisamente da mesma área xeográfica en que hoxe se documenta a palabra no léxico común: proceden de Mondoñedo e arredores.

2.3. Documentacións antroponímicas medievais de *Golpe* (por orde cronolóxica)

Iohanne *Golpe* de Cabanas a.[1165-1175] TumboCaaveiro 332

Iohannes Petri dictus *Golpe* 13.1256 DocMondoñedo 140

Dominicus Afonsi dictus *Golpe* 14.1338 DocMondoñedo 334


Alvaro *Golpe* [veciño de Mondoñedo] a.1569 CatálMondoñedoXVI 368

Juan *Golpe* [veciño de Vilaronte (Foz)] a.1570 CatálMondoñedoXVI 389

Pedro *Golpe* [veciño de Mondoñedo] a.1585 CatálMondoñedoXVI 548

Alonso *Golpe* [veciño de Aldurfe (Riotorto)] a.1585 CatálMondoñedoXVI 548

Con respecto ás áreas de concentración de *Raposo* usado actualmente como apelido, son de salientar unha área do centro de Galicia (no oriente da provincia da Coruña e occidente de Lugo) e do oriente de Lugo (Pedrafita, Folgoso, Quiroga). As atestacións medievais atéstanse pola área occidental de Galicia, desde Cabanas ata A Caniza, con abundancia delas en Santiago.



Mapa 3

2.4. Documentacions antroponímicas medievais de Raposo (por orde cronolóxica)

Petrus *Rapusu* [Cumbraos (Sobrado-Co)] a.1243 Petrog.213 [cit. por Rivas 1991: 459]

Fernan *Raposo* [Bendaña (Touro-Co)] a.1276 CDGH I,270 [cit. por Rivas 1991: 459]

magistro Petro *Raposo* [Santiago] a.1276 Rivoira 253 [cit. por Rivas 1991: 459]

Domingo *Raposo* clérigo a.1322 DocUnivSantiago 121

Jo<a>n *Raposo* de Seramago [Meis] a.1403 CDMaia 235

Afonso *Raposo* [Meis] a.1419 CDMaia 239

Juan *Raposo* canbeador e Gomes *Raposo* seu criado a.1420 LConcelloSantiago 208

- frey G<onçal>uo *Raposo* [do mosteiro de santa María da Franqueira na Caniza] a.1432 CDMaia 240
 Fernã *Raposo* rregidor da cidade de Santiago a.1446(or.) TBieitoSantiago 70
 Juan *Raposo* criado de Lope de Ponte vesíño da dita uila [Muros] a.1452 DocUnivSantiago 435
 Fernan *Raposo* jurado de Santiago a.1463 LConcelloPontevedra 75
 Colas *Raposo* a.1490 DocUnivSantiago 493
 Alvaro *Raposo* [veciño de Vilanova de Lourenzá] a.1566 CatálMondoñedoXVI 1566
 Francisco Bazquez *Raposo* escrivan de SM a.1750 CatastroCabanas 17

No que atinxe ás atestacións antigas da voz común, nos repertorios cronolóxicos medievais publicados ata o momento (DELP, LorenzoCron, DOLP) non se documenta *golpe*, posiblemente por non ser forma viva actualmente en portugués; a documentación édita máis antiga é a proporcionada por Sarmiento no s. XVIII (Sarmiento 1970:341). Así pois, as nosas atestacións de *Golpe* como sobrenome, do último tercio do XII (a.[1165-1175]), son, evidentemente, as primeiras. Sen embargo, os seus derivados testemuñanse xa desde o XI: o topónimo híbrido latino romance, *Golpelairas*, en 1057; despois, co sufixo xa romanceado, *Bolpeleiras* en 1107 (en textos portugueses), e outros varios derivados a partir dos inicios do XIII: o tamén topónimo *Bulpilanes* (mod. *Golpellás*) con distintas grafías desde 1214, o substantivo común *golpello* nas Cantigas e como alcume (Roy P. *Golpelo*) nun documento galego de 1261, *golpella* no XIV (na *Crónica General*: “non sabe a *golpella* con quen trebella”) (LorenzoCronologia 195). Pola súa parte, *raposa* non o documentamos ata case un século despois. Presentamos tódolos materiais a seguir en esquema, ordenados cronoloxicamente.

2.5. Atestacións históricas de Raposo e Golpe (e derivados)

Como se ve, as atestacións máis antigas e con máis rendemento derivativo son de *Golpe* e derivados. Por outro lado, o uso de *Raposo* como sobrenome é máis tardío có de *Golpe*, aínda que parece estenderse despois con máis profusión. Estes datos parecen indicar que o máis probable é que as formas máis antigas no territorio para designa-lo *vulpes vulpes* fosen as descendentes dos ítems latinos VULPES e VULPECULA (*golpe* e *golpella*, respectivamente), aínda que a forma innovadora, *raposa*, se atesta xa no século XII. Outro apuntamento de tipo xeográfico que se tira dos datos é a existencia de maior número de documentación de *Vulp-* e derivados nos textos galegos ca en textos portugueses (alomenos segundo a información da que dispoñemos, principalmente DOLP, DELP e LorenzoCronologia), e ó revés: en xeral, ocorrencias máis antigas e variadas de *Rapos-* e derivados en textos portugueses ca nos galegos.

<i>Raposa</i>	a.1123, 1258 (DOLP)	<i>Golpelarias</i>	1057 TSamos
		<i>Bolpeleiras</i>	1107 (textos port.: LorenzoCron)
		<i>Golpileyras</i>	1274 CDCatOurense
		<i>Golpelleyras</i>	1427 CDRibasSil
<i>Raposo</i>	1242, 1276 (Rivas), 1258 (DOLP), 1322, 1403, 1419, 1420, 1432, 1446, 1452, 1457, 1463, 1490 (PatRom)	<i>Golpe</i>	1165-1175, 1256, 1338, 1569, 1570, 1585 (PatRom)
<i>Raposeiro</i>	Petra de <i>Raposeiro</i> a.1258 (DOLP)	<i>Bulpilanes</i>	1214 CDRocas
		<i>Gulpilanes</i>	1228 CDOseira
		<i>Golpilays</i>	1239 CDOseira
		<i>Gulpillas</i>	1465 CDXunqueira
		<i>Golpellaas</i>	1516 (PatRom)
<i>Raposeira</i>	a.1258 (DOLP)	<i>Golpellas</i>	1332 CDOseira III
		<i>Golpelo</i>	1261 (LorenzoCron)
		<i>Golparro</i>	XIII (Cantigas, cit. por Rivas 1991:459)
		<i>Velpelbo, Belpelbo</i>	XIII (Cantigas, cit. por Rivas 1991:459)
		<i>Golpella</i>	XIV (LorenzoCron), 1436 CDRocas

Cumpriría mencionar nesta altura o alcume do poeta medieval Johan *Zorro* (e que tamén rexistra Cortesão 1903/1912 como sobrenome en 1220 e 1258): seguramente non está usado facendo referencia ó animal (pois no propio castelán é de fins da Idade Media), senón como sinónimo de *zorreiro* ‘vagaroso, que anda de vagar’ (DCECH s.v. *zorra*), derivado, segundo Corominas, do verbo ant. e port. *zorrar* ‘arrastrar’, onomatopea do roce do que se arrastra; deste significado procede a acepción da moderna voz común galega *zorra*: “Carro baixo de catro rodas pequenas usado para transportar pesos grandes”, e mais “Especie de caixón escorregadizo, útil para transportar cousas e persoas” (DicAcademia s.v.). Usado coa acepción do animal, en portugués, coma en galego, só aparece este século¹, probablemente pola influencia do español. En español, *zorra* ou *zorro* é voz tardía, que se rexistra só a finais da Idade Media: no séc. XV Nebrija cítao como concorrente con *raposa*; nesta época aínda parecen convivi-las tres denominacións: a arcaica *gulpeja*, *raposa* (que é maioritaria no Quixote, 1604-1615, pero que Terreros y Pando xa considera a mediados do XVIII como voz menos común) e mais *zorra*, a que finalmente se estendería. Na toponimia española, Madoz só consigna formas derivadas de *Zorr-* no sur: *Zorrera* en Granada, *Zorreras* en Córdoba e *Zorrilla* en Albacete. Na portuguesa tamén se rexistra no sur:

¹ En port. continúa usándose modernamente como apelido: *Zorro*, *Zorriño*, *Zorra*, coa motivación devandita, ou ben coa acepción rexional “filho natural ou bastardo; enjeitado; criado velho”, ‘pessoa belhaca, manhosa’ (Kremer 1971:165, n.151).

Zorra(s), Val da Zorra, Zorrinbo, Zorral, Zorreiras, Zorreiro, Monte Zorreiro no Alentejo (Piel 1966).

No que respecta á etimoloxía, Corominas (DCECH s.v. *raposa*) considera, seguindo unha antiga hipótese que xa propuxera a finais do XVI Francisco del Rosal (1992), que *raposa* é unha variante do antigo e dialectal *rabosa* (hoxe aínda vivo en áreas de fala catalana e en Aragón), probablemente der. de *rabo*; o *-p-* deberíase ó influxo de *rapiega* ‘raposo’ en Asturias, e outras voces da familia de *rapina*¹.

As documentacións son máis ou menos contemporáneas en textos galegos e portugueses coma nos casteláns (Corominas dá 1251 ou textos do XIII como datas máis antigas), de maneira que non é fácil discernir a partir de aí cál foi a circulación desta voz hispánica, isto é, se foi creación galega ou se procede doutras zonas peninsulares, como ocorre con outras voces panhispánicas de creación romance. Machado, por exemplo, cre que en Portugal vén de Asturias, o que se contrapón co feito de que as atestacións asturianas de *Raposo* son do XV, bastante máis tardías cás do territorio galego-portugués². Creo que neste punto son as atestacións onomásticas as que poden deitar unha certa luz sobre a situación. Á parte da grande abundancia de derivados e atestacións diversas por toda a Idade Media, especialmente nas datas máis temperás, hai tamén máis datos toponímicos de VULP- ca de *rapos-*. E cumpriría ter en conta a distribución moderna dos apelidos.

As atestacións actuais das densidades do apelido *Raposo* poderían indicar que entrou polo Camiño de Santiago (no mapa dos apelidos vese que na entrada do Camiño francés, Pedrafitas, Folgoso..., hai moita concentración moderna do apelido *Raposo*). A súa expansión polo centro de Galicia abriría

1 García de Diego (1985 s.v. *rapum*) tamén cre que *raposa* vén de *rabo*, pero “con la *p* de *rapar*”. Meier (1984:162), sen embargo, cre que nesta serie de voces iberromances (*raposa, rabosa*) hai unha derivación de *RAP(P)ARE co sufixo adxectivo *-osus*, a partir da cal se desenvolveron varios ramos semánticos, como ‘rapaz, ávido, enganoso’, ou ‘rastreiro, arrastrado’”. García Arias (1977:179-180), pola súa banda, cre que “Tanto *raposa* como *rapiega* presenta la misma raíz *rap-* que el latín *rapere* (...); es claro que en tales casos el resultado que cabría esperar sería *rabosa, rabiega*, pero no está mal pensar en la influencia de alguna otra palabra como puede ser la germánica **rappōn* ‘rapar’ para justificar la presencia de la *-p-* actual”. Sen embargo, Corominas descarta esta última posibilidade por considerar que *rapar* “no parece haber tenido nunca la ac. ‘robar, arrebatar’ en cast.-port.” (DCECH s.v. *raposa*).

2 “Alvar Gonzalez dicho Alvar *Raposo* a.1401 RegCasaValdecarzana 38 n° 14, Alvar *Raposo* a.1403 RegCasaValdecarzana 151 n°145” (Viejo 1998:180). No que di á toponimia: “*La Raposa* (Llangreu) y *La Raposera* (SMRA) son testimonio de la palabra asturiana con que se designa a la zorra (también llamada *rapiega*). Tales expresiones desplazaron en el léxico a las seguidoras de *vulpem* sólo presente en la toponimia menor de nuestra región” (García Arias 1977:179-180). No territorio astur-leonés documéntase *vulpiculare* como topónimo xa no s. X (a.[937-954]), *Bolpeliar* a.951, *Uulpeliare* a.992, *Kolpeleria* a.[1060], *Golpeteras* a.1187 (Álvarez Maurín 1994:282-283).

unha cuña entre as áreas de *golp-*, e iría a dar na área centroseptentrional da provincia da Coruña, que é onde limita coa área de *golpe*. Logo arraigaría e expandiuse por case todo o resto de Galicia, non sendo na zona mindoniense e na provincia de Ourense.

É conveniente, neste punto, ter en conta a configuración da estrutura da rede viaria de Galicia para explica-la difusión de *Raposo*, para o que seguimos fundamentalmente o traballo de Ferreira Priegue (1988:61-67). Na Idade Media o mapa de camiños é moi semellante ó actual mapa de estradas: os grandes nós de comunicacións seguen sendo os mesmos. A circulación artículase sobre o triángulo Santiago-Lugo-Ourense, o máis importante; o outro triángulo Santiago-Lugo-A Coruña, e o eixe sur-norte Tui-A Coruña. A grande arteria de penetración horizontal é o Camiño de Santiago, e hai outras dúas entradas máis que aproveitan vías romanas: a do val do Sil, por Trives e Valdeorras, e a de Monterrei polas Portelas.

No XVIII, a reforma borbónica creou unha das súas estradas radiais, a actual Nacional VI, que seguiu o camiño francés desde Pedrafita a Lugo, para continuar desde alí na mesma dirección cá vía romana *per loca marítima* no seu traxecto desde Brigantium ó interior do país. En xeral, case tódalas estradas que se fixeron a partir do XIX foron máis que nada lixeiras reformulacións de antigos traxectos. En realidade, os requisitos e condicións do camiño non cambiaron, pois os centros de interese seguen sendo os mesmos: “cidades antiquísimas, comunicadas desde tempos remotos por camiños naturais, impostos polo relevo” (Ferreira Priegue 1988:65).

Á luz destas informacións, podemos tentar explica-lo sentido da distribución dos apelidos que trazamos cunha liña continua no Mapa 3. As concentracións de *Raposo* seguen case literalmente o camiño de Santiago: O Cebreiro-Samos-Portomarín-Palas de Rei-Melide-Arzúa-Santiago. Amais desta zona, percorren unha das vías máis frecuentadas desde a Idade Media, que ten Lugo como centro estratéxico, conforme á súa importancia tradicional, pois era un centro de comunicacións tan importante como Santiago para a metade oriental de Galicia; ademais, Lugo converteuse nunha etapa importante do Camiño, non só dos que chegaban do norte por Ribadeo, senón dos que, entrando polo Bierzo, ante o duro camiño do Cebreiro preferían dar un rodeo pola capital seguindo a vella calzada romana (Ferreira Priegue 1988:236). De aí que a partir de Lugo podemos trazar varios camiños de *Raposos*, coincidindo cos tradicionais: o que vai a Vilalba (Lugo-Outeiro de Rei-Begonte-Vilalba), a variante que por Friol e Sobrado empata co Camiño en Arzúa; e, polo leste, Castroverde é punto importante do vía que, pola Fonsagrada, vai (ou vén) para Asturias.

Por outro lado, hai atestacións máis ou menos compactas ó longo do ocidente da provincia de Pontevedra, nunha liña que non segue tan literal-

mente o Camiño tradicional, pero si aproximadamente: había unha antiga vía Baiona-Vigo que, subindo cara ó norte, está comunicada coas vilas da península do Morrazo (Vilaboa) e Salnés (Poio, Portas, Vilagarcía), ata chegar a Padrón (Dodro está á súa esquerda), Ames e Santiago. De aquí cara á Coruña: Oroso-Ordes-Carral-Culleredo-A Coruña, e unha área compacta ó redor: Arteixo-Laracha-Oleiros-Cambre-Sada...

No que respecta a *Golpe*, as maiores concentracións danse ó redor da ría de Ares. En torno a esta zona, e especialmente entre A Coruña-Betanzos, é onde hai máis concorrencia das dúas formas, *Raposo* e *Golpe*. A concentración máis mesta de *Golpe* ocorre no triángulo A Coruña-Irixoa-Ferrol; como se ve, xusto á esquerda da isoglosa léxica actual, o que tamén é indicio de que nesta área *golpe* tivo que ser forma viva.

3. CONCLUSIONES

As formas máis antigas para designa-lo *vulpes vulpes* foron *golpe* e *golpella* (ou *golpello*). Delas proceden, respectivamente, os topónimos *Golpe(s)* / *Golpa* / *Golpeiras* e *Gulpilleira(s)* / *Grupilleiras* / *Golpillón* / *Golpellás*. Conservamos numerosas atestacións deles, sobre todo dos do segundo tipo, desde épocas moi temperás (s. XI). Os datos toponímicos permiten supor que a área primitiva de *golpe* era maior cá actual, pois hai testemuños bastante máis ó sur-oeste cá actual isoglosa léxica (*Golpes* en Frades); aínda que ignoramos se *golpe* e *golpella/o* entraron no territorio simultánea ou sucesivamente, dá a impresión de que esta última debeu estar máis estendida, pois mesmo na zona léxica de *golpe* se testemuñan derivados toponímicos de *golpella* (ou *golpello*), ademais de atestárense en toda Galicia.

De todas estas formas, no léxico común só sobreviviu *golpe*, como reliquia románica, pois *golpella/o* desde moi pronto comezou a ser substituído por *raposa* (e *raposo*). As atestacións modernas dos apelidos *Golpe* e *Raposo*, en número moi semellante (1044-1473) son un indicio da vía de introducción en Galicia desta innovación léxica: as concentracións de *Raposo* en Lugo seguen fielmente distintos ramais do Camiño de Santiago que entra por Pedrafita; aínda que non de maneira tan evidente, as atestacións do occidente da provincia de Pontevedra poderían mostrar outra vía de penetración desde Portugal: téñase en conta que as atestacións de *raposa* (e derivados) son máis antigas nos textos portugueses ca nos galegos, e que o actual rendimento derivativo é tamén moito maior. Ámbalas vías se dirixen a Santiago, onde, consecuentemente, hai un elevado número de ocorrencias do apelido *Raposo*. Nestes momentos a isoglosa léxica de *golpe* segue a recuar: de feito, na súa área de orixe *golpe* coexiste xa con *raposo*, o que indica que probable-

mente dentro duns anos as únicas atestacións que haberá do descendente do étimo latino serán os toponímicos e os antroponímicos.

En fin, os datos onomásticos non só nos iluminan acerca da historia das palabras, senón que se converten, nun bo número de casos, nos únicos testemuños vivos de parte da nosa historia lexical.

FONTES HISTÓRICAS

- CatálMondoñedoXVI = Cal Pardo, Enrique (1992): *Mondoñedo —catedral, ciudad, obispado— en el siglo XVI. Catálogo de la documentación del archivo catedralicio*. Lugo: Xunta de Galicia.
- CatastroCabanas = Fernández Rifón, Andrés (1999): *Cabanas, Erines, Laraxe, Porto, Regüela, Salto, Soaserra, según las respuestas generales del Catastro de Ensenada, año 1750 y emblemas del municipio*. A Coruña: Deputación.
- CDCatOurense = Duro Peña, Emilio (1996): *Documentos da Catedral de Ourense*. Santiago: Consello da Cultura Galega.
- CDMaia = Maia, Clarinda de Azevedo (1986): *História do galego-portugués. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal do século XII ao século XVI (com referéncia á situación do galego moderno)*, Coimbra: I.N.I.C.
- CDOseira = Romani Martínez, Miguel (1989): *La colección diplomática de Santa María de Oseira (1025-1310)*. 2 vols. Santiago: Tórculo Edicións.
- CDRibasSil = Duro Peña, Emilio (1977): *El Monasterio de San Esteban de Ribas de Sil*. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijoo.
- CDRocas = Duro Peña, Emilio (1972): *El Monasterio de S. Pedro de Rocas y su colección documental*. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijoo”.
- CDXunqueira = Pereira Ferreiro, Sara (1979): “El monasterio de Santa María de Xunqueira de Espadañedo y su colección diplomática”; *Boletín Auriense*, 151-230.
- DocMondoñedo = Cal Pardo, Enrique (1990): *Catálogo de los documentos medievales escritos en pergamino, del archivo de la Catedral de Mondoñedo (871-1492)*.
- DocUnivSantiago = Lucas Alvarez, Manuel / M^a José Justo Martín (1991): *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela. Pergameos da serie Bens do Arquivo Histórico Universitario (Anos 1237/1537). Edición diplomática*. Santiago: Consello da Cultura Galega.
- LConcelloPontevedra = Rodríguez González, Angel (1989): *Livro do Concello de Pontevedra (1431-1463)*. Pontevedra: Museo Provincial.
- LConcelloSantiago = Rodríguez González, Angel (1992a): *Libro do Concello de Santiago (1416-1422)*. Santiago: Consello da Cultura Galega.
- TBieitoSantiago = Fernández de Viana y Vieites, José Ignacio (1995): *El tumbillo de san Bieito do Campo (Santiago)*. Granada: Universidad.
- TCelanova = Andrade Cernadas, José Miguel (1995): *O tombo de Celanova*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- TSamos = Lucas Alvarez, Manuel (1986): *El tumbo de san Julián de Samos (siglos VIII - XII). Estudio introductorio. Edición diplomática. Apéndices e índices*. Santiago: Publicacións de Caixa Galicia.

TumboCaaveiro = Fernández de Viana y Vieites, José Ignacio / Juan Carlos de Pablos Ramírez / M^a Teresa González Balasch (1996/1997): “El Tumbo de Caaveiro”, *Cátedra* 3 (1996), 267-437, 4 (1997), 221-385.

BIBLIOGRAFÍA

- Alonso Montero, Xesús (1969): “Denominaciones gallegas de la culebra, el zorro y el lobo (Una incursión en la lingüística del tabú y de la expresividad)”, *Boletín de la Comisión de Monumentos de Lugo* 8, 67/70, 113-120. Reed.: *Lingua, literatura e sociedade en Galicia*. Madrid: Akal, 1977, 47-58.
- Álvarez Maurín, M^a Pilar (1994): *Diplomática asturleonese. Terminología toponímica*. León: Universidad.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (no prelo): “Diccionario de apellidos galegos”, en *Actas do I Congreso Internacional: a lingua galega, historia e actualidade de Santiago, 1996*. Instituto da Língua Galega.
- Büchi, Eva (1998): “Los antropónimos de origen toponímico: reflexiones metodológicas a partir de ejemplos del dominio lingüístico asturiano”, en Ana M^a Cano González (ed.) (1998): *Dictionnaire historique des noms de famille romans. Actas del IX Coloquio (Uviéu/Oviedo, 26-29 de octubre 1995)*. Tübingen: Max Niemeyer. 1-33.
- Cabeza Quiles, Fernando (1992): *Os nomes de lugar. Topónimos de Galicia: a súa orixe e o seu significado*. Vigo: Xerais.
- Carreras y Candi (dir.) (1936): *Geografía general del Reino de Galicia*. 6 vols. Barcelona: Alberto Martín. Edición facsímil: La Coruña: Ediciones Gallegas, 1980.
- Cortesão, A. A. (1903/1912): *Onomástico Medieval Português*, separata do *Archeólogo Português*, VIII a XVII. Lisboa: Imprensa Nacional.
- Costa, Georges J. (2000): *Répertoire-atlas diachronique des noms de famille des Pyrénées-orientales au XX^e siècle (RAPPO2)*. Presses Universitaires de Perpignan.
- Covarrubias Sebastián de (1943) *Tesoro de la lengua castellana o española: según la impresión de 1611, con las adiciones de Benito Remigio Noydens publicadas en la de 1674*. Edición de Martín de Riquer. Barcelona: Horta.
- DCECH = COROMINAS, Joan / José A. Pascual (1984): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. 6 vols. Madrid: Gredos.
- DELP = Machado, José Pedro (1977³): *Dicionário etimológico da língua portuguesa. Com a mais antiga documentação escrita e conhecida de muitos dos vocábulos estudados*, 6 vols. Lisboa: Livros Horizonte.
- DicAcademia* = *Diccionario da Real Academia Galega*. Real Academia Galega / Ed. Xerais / Galaxia, 1997.
- DOLP = Machado, José Pedro (1984): *Dicionário Onomástico Etimológico da Língua Portuguesa*, 3 vols. Lisboa: Confluência.
- Ferreira Priegue, Elisa María (1988): *Los caminos medievales de Galicia*. Ourense: Museo Arqueológico Provincial.
- Ferreira, Aurélio Buarque de Holanda (1986) *Novo dicionário Aurélio da língua portuguesa*. Rio de Janeiro: Nova Fronteira.

- Franco Maside, Rosa (2002): “Lares viales na provincia de A Coruña”, *Gallaecia* 21, pp. 215-222.
- García Arias, Xosé Lluís (1977): *Pueblos asturianos: el porqué de sus nombres*. Salinas: Ayalga Ediciones.
- García Arias, Xosé Lluís (1990): “De toponimia tebergana (XIII): zootoponimia”, *Letras asturianas* 38, 47-67.
- García de Diego, Vicente (1985): *Diccionario etimológico español e hispánico*. Madrid: Espasa-Calpe.
- Herbillon, Jules e Jean Germain (1996): *Dictionnaire des noms de famille en Belgique romane et dans les régions limitrophes (Flandre, France du Nord, Luxembourg)*. 2 vols. Bruxelles: Crédit Communal.
- Kremer, Dieter (coord.) (1997): *Dictionnaire historique de l'anthroponymie roman (PatRom). Présentation d'un projet*. Tübingen: Max Niemeyer.
- Kremer, Dieter (1971): “Bemerkungen zu den mittelalterlichen hispanischencognomina II”, *Aufsätze zur portugiesischen Kulturgeschichte* 1, 139-187
- Lorenzo Cron = Lorenzo, Ramón (1968): *Sobre cronología do vocabulario galego-portugués (Anotações ao “Dicionário etimológico” de José Pedro Machado)*. Vigo: Galaxia.
- Madoz, Pascual (1848-1850³): *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar*. Madrid: Imprenta del Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de D. Pascual Madoz. Ed. facsimil: Valladolid: Ambito, 1986.
- Meier, Harri (1984): *Notas críticas al DECH de Corominas / Pascual Santiago*: Universidade de Santiago. Anexo 24 de *Verba*.
- Montero Cartelle, Emilio (1981): *El eufemismo en Galicia. Su comparación con otras áreas romances*. Anexo 17 de *Verba*. Santiago: Universidade.
- Montero Cartelle, Emilio (2000): “El tabú, el eufemismo y las hablas jergales”, en M. Alvar (dir.): *Introducción a la lingüística española*. Barcelona: Ariel.
- Navaza, Gonzalo (2000): “Os apelidos da Terra de Deza”, en *Descubriendo Deza* 2, 173-188.
- Palacio Sánchez, X. Antón (1981): *Toponimia del ayuntamiento de Pantón (Lugo)*. Tese de doutoramento. USC.
- Piel, Joseph M. (1966): “Über Tiernamen in der hispanischen, insbesondere portugiesischen Toponomastik I”, *Aufsätze zur portugiesischen Kulturgeschichte* 6, 171-2.
- Rivas Quintas, Elixio (1991): *Onomástica persoal do Noroeste Hispánico*. Lugo: Alvarellos.
- Rosal, Francisco del (1992): *Diccionario etimológico: Alfabete primero de “Origen y Etimología de todos los vocablos originales de la Lengua Castellana”*. Edición facsimilar y estudio de Enrique Gómez Aguado. Madrid: CSIC.
- Santamarina, Antón (2002): “A Journey through Galician Onomastics”, en *Actas do XX Congreso Internacional de Ciencias Onomásticas. Santiago, setembro 1999*. Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / ILG, pp. 3-30.
- Sarmiento, Martín (1970): *Colección de voces y frases gallegas*. Edición e estudio por J. J. Pensado. Salamanca: Universidad.

- Sarmiento, Martín (1999): *Onomástico Etimológico de la lengua gallega*. Ms. asinado en 1757. Edición e estudio por J. J. Pensado. Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2 vols
- Veny, Joan (1996): *Onomàstica i dialectologia*, Barcelona: Publicacions de l'Abadia de Montserrat.
- Viejo Fernández, Julio (1998): *La onomástica asturiana bajomedieval. Nombres de persona y procedimientos denominativos en Asturias de los siglos XIII al XV*. Tübingen: Niemeyer.
- Vila Nova, Alfredo da (1982): "Sobrenomes e alcuñas de Beluso (Bueu)", *Museo de Pontevedra* 36, 435-442.
- Villarreal Pérez de Baños, José (1810): *Diccionario nomenclator de las ciudades, villas, aldeas, caserías, cotos, ventas, castillos, prioratos de todo el Reyno de Galicia*. Santiago: Juan Francisco Montero.
- Weinhold, Norbert (1997): "VULPES (lat.) renard", en Dieter Kremer (coord.) (1997): *Dictionnaire historique de l'anthroponymie roman (PatRom). Présentation d'un projet*. Tübingen: Max Niemeyer, 344-355.

APÉNDICES

1. TESTEMUÑOS TOPONÍMICOS DE GOLPE (E DERIVADOS)

1.1. Testemuños de descendentes de VULP-¹ na toponimia

TOPÓNIMO	PARROQUIA / TIPO DE ENTIDADE	CONCELLO (PROVINCIA)
<i>Golpes</i> (Cabeza Quiles 318)	(monte)	Cabanas (Co)
<i>A Golpa</i>	Pedra, A (Santa María)	Cariño (Co)
<i>Golpes</i> (Madoz)	Ledeira (San Martín)	Frades (Co)
<i>O Carreiro do Golpe</i>	Ermo, O (San Xulián)	Ortigueira (Co)
<i>A Pena do Golpe</i>	Pereiro, O (Santa María)	Alfoz (Lu)
<i>Golpeiras</i>	Río Barba (San Paulo)	O Vicedo (Lu)
<i>Rego do Golpe</i>	San Pedro de Viveiro	Viveiro (Lu)

1.2. Testemuños de descendentes de VULPECUL- na toponimia

TOPÓNIMO	PARROQUIA / TIPO DE ENTIDADE	CONCELLO (PROVINCIA)
<i>Golpilleiras</i>	Vigo (Santa María)	Cambre (Co)
<i>A Gulpilleira,</i>	Curtis (Santaia)	Curtis (Co)
<i>Golpillón</i> (Carreras y Candi)	(monte)	Mañón (Co)
<i>A Gulpilleira</i>	Queixeiro (San Xurxo)	Monfero (Co)
<i>A Golpilleira,</i>	Ladrado (Santalla)	Ortigueira (Co)
<i>Golpilleira</i>	Santa Mariña do Monte	San Sadurniño (Co)
<i>Grupilleiras</i> (Franco Maside)	(paraxe) Covas (San Estevo)	Ames (Co)
<i>Golpilleiras</i>	Baroncelle (Santiago)	Abadín (Lu)
<i>As Golpilleiras</i>	Moncelos (Santiago)	Abadín (Lu)
<i>A Golpilleira</i>	Librán (Santa Mariña)	Baleira (Lu)
<i>Gulpilleira</i> (Carreras y Candi)	Gaibor (san Xiao)	Begonte (Lu)
<i>A Golpilleira</i>	Dumpín (Santalla)	Castro de Rei (Lu)
<i>As Golpilleiras</i>	Santa Locaia (San Pedro)	Castro de Rei (Lu)
<i>Golpilleira</i>	Goá (San Xurxo)	Cospeito (Lu)
<i>Gulpilleira</i> (Carreras y Candi)	(monte)	Lugo
<i>Gulpilleiras</i>	Piñeira (Santa María)	A Fonsagrada (Lu)
<i>Gulpilleira</i> (Carreras y Candi)	Chave (San Sadurniño)	O Saviñao (Lu)
<i>Gulpilleira</i> (Palacio Sánchez)	Acedre, Eiré, Castellón (Santiago), Toldaos, Tivás	Ferreira de Pantón (Lu)
<i>Gulpilleiras</i> (Palacio Sánchez)	Toiriz (Santa María)	Ferreira de Pantón (Lu)
<i>Golpillas</i> (Villaroel)		Mondoñedo (Lu)
<i>As Grupilleiras</i>	(paraxe)	Quiroga (Lu)
<i>Gulpilleira</i> (Carreras y Candi)	Boizán (Santiago)	Vilalba (Lu)

1 Se non consta indicación expresa, os topónimos son núcleos habitados tirados do enderezo electrónico <http://www.xunta.es/nomenclador/index.htm>. Se proceden doutra fonte, esta indícase entre paréntese a seguir do nome. A ordenación faise por provincias.

<i>A Gopilleira</i>	Cazás (San Xulián)	Xermade (Lu)
<i>Gopellás</i>	Gopellás (San Xoán)	Calvos de Randín (Ou)
<i>As Gopelleiras</i>	A Barra (Santa María)	Coles (Ou)
<i>A Gopilleira</i>	Arrabaldo (Santa Cruz)	Ourense (Ou)
<i>Gopellás</i>	<i>Gopellás</i> (Santa Baía)	Paderne de Allariz (Ou)
<i>A Gopilleira</i> ¹	(paraxe)	Os Blancos (Ou)
<i>As Gopilleiras</i> ou <i>Gorpilleiras</i> / <i>Gurpilleiras</i>	(paraxe)	Laza (Ou)
<i>As Gorpilleiras</i>	(paraxe)	Castrelo do Val (Ou)
<i>O Gurpilleiro</i>	(paraxe)	Vilamarín (Ou)
<i>Gurpilleiras</i>	(paraxe)	Monterrei (Ou)
<i>A Gopilleira</i>	O Porriño (Santa María)	O Porriño (Po)
<i>Palacio da Gopilleira</i> (Carreras y Candi)		Vilagarcía

1.3. Medievais

Gopelarias [Barbadelo, Sarria-Lu] a.1057 TSamos 225
auctario *Vulpiliario* [circa S.Xurxo de Touza-Taboadela] a.1092 TCelanova 191
Bulpilanes a.1214 CDRocas 144
Petrus de *Gulpilanes* ts. [Paderne] a.1228 CDOseira 292
sancta Eulalia de *Gopilays* [Paderne] a.1239 CDOseira 431
lugar chamado *Gopileyras* [Belmonte-Solbeira-Viana do Bolo-Ou] a.1274 CDCat-Ourense 346
nossa leira de *Golpeyros* [Santa Baía de Pedrafitas-Chantada-Lu] a.1276 CDOseira 1053
tres leyras vinearum quas habent in territorio sancti [Claudii] de Ravaneta in loco vocato *Gulpilleyras* [Pazos de san Clodio-San Cibrao das Viñas-Ou] a.1289 CDOseira 1149
Gopellas [Sta. María de Vilariño-A Golada-Po] a.1332 CDOseira III 109
a nossa herdade de *Gopelleyras* [Pantón-Lu] a.1427 CDRibasSil 374
viña da *Gopella* [Sta. María de Velle-Ourense-Ou] a.1436 CDRocas 242
lugar de *Gupillas* que he su sino de Santa Baía a.1465 CDXunqueira 180
Alfonso Vidal. vezino de la aldea de *Gopellas* feligresya de sant Juan de *Gopellas* [Ourense, posiblemente en Calvos de Randín] a.1516 CDSantiago 535
Lorenzo de *Gopellaas* [Ourense] a.1516 CDSantiago 539
Vasco Peres de Sant Cibrao e Gonçalo Vasques, vezinos de *Gopellas* [Ourense] a.1516 CDSantiago 536
Gonçal Vasquez, vezino de *Gopellaas*, friguesia de san Juan de *Gopellaas* = Gonçal Vasques de *Gopellaas* [Ourense] a.1516 CDSantiago 539,541

1 A información deste topónimo e mais das catro paraxes que seguen foi amablemente proporcionada por Gonzalo Navaza.

2. TESTEMUÑOS TOPONÍMICOS DESCENDENTES DE RAPOSO (E DERIVADOS)

TOPÓNIMO	PARROQUIA / TIPO DE ENTIDADE	CONCELLO (PROVINCIA)
<i>A Raposa</i>	San Martiño de Ozón (San Martiño)	Muxía (Co)
<i>Cruz Raposa</i> (Franco Maside)	(paraxe) Ames (Santo Tomé)	Ames (Co)
<i>Raposa</i> (Franco Maside)	(paraxe) Ameixenda (Santa María da)	Ames (Co)
<i>Raposeira</i> (Franco Maside)	(paraxe) Cerceda (San Martiño)	Cerceda (Co)
<i>A Raposeira</i>	Iñás (San Xorxe)	Oleiros (Co)
<i>A Raposeira</i> (Madoz)	Curtis (Santa Baia)	Curtis (Co)
<i>As Raposeiras</i>	Ardemil (San Pedro)	Ordes (Co)
<i>Raposeiras</i> (Madoz)	Bamiro (San Mamede)	Vimianzo (Co)
<i>Raposeiras</i> (Madoz)	Vilasantar (Santiago)	Vilasantar (Co)
<i>Os Raposas</i>	Senra (San Xulián)	Ortigueira (Co)
<i>Raposeiro</i> (Madoz)		Ferrol (Co)
<i>Raposeira</i>	Penamaior (Sta. María de San Lourenzo)	Becerreá (Lu)
<i>A Raposeira</i>	Santa Locaia de Parga (Santa Locaia)	Guitiriz (Lu)
<i>Raposeiro</i>	Becín (San Xiao)	Guitiriz (Lu)
<i>As Raposas</i>	Loña do Monte (San Salvador)	Nogueira de Ramuín (Ou)
<i>As Raposeiras</i>	Ordes (Santa María)	Rairiz de Veiga (Ou)
<i>As Raposeiras</i>	Achas, As (San Sebastián)	Cañiza, A (Po)
<i>A Raposeira</i>	Couto, O (San Bartolomeu)	Cañiza, A (Po)
<i>As Raposeiras</i>	Valeixe (Santa Cristina)	Cañiza, A (Po)
<i>A Raposeira</i>	Gondomar (San Bieito)	Gondomar (Po)
<i>Raposa</i> (Madoz)	Salcedo (San Martín)	Pontevedra (Po)
<i>As Raposas</i>	Bembrive (Santiago)	Vigo (Po)
<i>A Raposeira</i>	Sárdoma (San Pedro)	Vigo (Po)